




Estudo sobre corresponsabilidade entre a comunidade estudantil da USC



Presentación

Este estudo enmárcase nas actividades que a USC, a través da Oficina de Igualdade de Xénero (OIX), vén desenvolvendo en colaboración co Plan Corresponsables da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade e coa Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Xunta de Galicia.

O Estudo sobre corresponsabilidade entre a comunidade estudiantil da USC presenta os resultados sobre os factores, comportamentos e valoracións do conxunto de estudantes da USC sobre diferentes dimensións da corresponsabilidade.

Obxectivos:

- Recoller a valoración e a percepción do estudiantado da USC respecto das dinámicas de traballo doméstico e familiar, en relación aos modelos de fogares nos que residen.
- Analizar os diferentes tipos de traballos realizados e de xestión de coidados (emocionais e físicos) que asumen mulleres e homes e a valoración sobre o reparto de responsabilidades.
- Identificar necesidades e propostas en materia de promoción da igualdade de xénero.

Metodoloxía

- Cuestionario electrónico
- Universo: estudiantado da USC do Campus de Lugo e Santiago. Total 25.258 estudantes.
- Total repostas: 463 entrevistas.
- Traballo de campo: do 6 ao 31 de maio de 2025

Modelo de cuestionario:

- Preguntas sociodemográficas.
- Caracterización da residencia durante o curso e responsabilidade nas tarefas do fogar.
- Caracterización do fogar das persoas que viven en parella.
- Fogar de crianza. Reparto do traballo remunerado nas persoas adultas. Valoración do nivel de corresponsabilidade.
- Valoración global de factores de corresponsabilidade. Valoración dos tempos dedicados a diferentes actividades. Importancia da corresponsabilidade.
- Coñecemento e valoración das medidas de corresponsabilidade da USC

Perfil do estudantado participante

Representación de mulleres do 59,2%. Os homes sitúanse no 36,3%, mentres que o 3,2% indica outra identidade sexual.

As persoas menores de 24 anos son o 69,5%, mentres que as maiores a esta idade representan o 30,5%.

Estudos de grao, 78,6%, estudos de máster edoutoramento é notablemente 9,5% e 9,7%, respectivamente.

Maior participación das mulleres en certas actividades no fogar, e tamén maior dedicación aos estudos que os homes. Pola contra menor dispoñibilidade de tempo persoal.


Os niveis de emprego das mulleres son similares aos dos homes, pero con xornadas laborais parciais.

Máis dunha cuarta parte do estudantado dedícalle aos estudos máis de 35 horas á semana, 26,9%, con diferenzas moi significativas entre mozas, 33,0%. case o dobre de tempo que o dedicado polos seus compañeiros, 19,0%.

O 25,3%, compaxinan os estudos coa realización dun traballo remunerado. Esta porcentaxe é pouco máis elevada no caso dos homes, 27,4% que no de mulleres, 24,2%, .

Só o 18,1% do grupo que fai estudos de grao compatibilizan a súa formación con traballo.

Gráfico. Número de horas de traballo remunerado. 2025.



A xornada laboral a tempo completo é maior entre os homes.

O 35,6% dos estudantes que traballan indican que o fan máis de 35 horas á semana. Entre as mulleres, a porcentaxe redúcese ao 27,3%.

De xeito inverso, o 31,3% das mulleres traballan menos de 15 horas á semana, porcentaxe que nos homes é do 17,8%.

Características do fogar durante o curso

A meirande parte das e dos estudantes residen durante o curso nunha vivenda distinta á da unidade familiar de referencia, 68,8%, non habendo diferenzas substantivas entre homes e mulleres neste aspecto, 68,3% e 69,1%, respectivamente.


Entre as e os estudantes máis novos, menos de 24 anos, é habitual residir nunha vivenda distinta á da unidade familiar, ata o 75,2%. Dita porcentaxe redúcese ao 53,9% entre os maiores de 24 anos.

A maioría comparte vivenda con persoas coas que non teñen vinculo familiar, 60,2%, ben amigas, compañeiras ou compañeiros de estudos, non habendo diferenzas entre mulleres e homes.

Maiores diferenzas hai entre mozas e mozos en canto ao uso da vivenda compartida coa parella, (14,8% de homes e 8,3% de mulleres) ou a estancia nunha residencia universitaria pública (11,5% de mulleres e só 3,5% de homes)

A convivencia en vivendas compartidas co compañeiras e compañeiros da mesma idade implica maior responsabilidade e dedicación da mocidade. Porén obsérvase unha compoñente de xénero xa que as mulleres (63,2%) realizan as tarefas de limpeza en maior porcentaxe ca os homes (51,2%).

Valoración do nivel de coresponsabilidade no fogar do curso por xénero.




Convivencia en parella

Tan só 34 persoas da comunidade estudiantil entrevistada vive en parella dun total de 463 persoas, 7,3%. Delas 16 son mulleres, 17 homes e unha persoa que se identifica con outra identidade sexual distinta, .

O 52,9% convive en parella de forma estable, e o 47,1% indica que é só durante o curso académico.

Porcentaxe de resposta Só eu e Máis ben eu nas tarefas no fogar en parella por sexo.




Fogar de crianza

O fogar de procedencia da gran maioría: parella heterosexual con fillas ou fillos, 80,6%. Outro tipo de fogares son a familia monomarentai, 7,7% fronte ao 2,7% de monoparental e o de familia extensa, 5,0%.

Na maioría das familias de crianza o habitual é que ambos os dous proxenitores traballaran fóra do fogar, así o indica o 70,7%. De traballar un só dos proxenitores, o pai é a persoa de referencia no 21,6% dos casos mentres que de ser só a nai a que traballa fóra do fogar é o 5,6%.

Nivel de coresponsabilidade do fogar de crianza por xénero.



Xestión dos tempos

O tempo dedicado aos estudos, á vida persoal e á vida familiar é notoriamente máis alto que o dedicado a atender a xestións cotiás e ao traballo remunerado.


Destaca o tempo dedicado aos estudos, onde o 84,2% indica que é moito ou bastante, e en menor medida á vida persoal, 64,2% e á vida familiar, 53,9%.

As mulleres tenden a dedicar algo máis de tempo á vida familiar, 61,6%, e aos estudos, 87,6%.

Os homes destacan algo máis na atención a xestións cotiás e ao traballo remunerado que as mulleres.

Os tempos dedicados ao traballo remunerado aumentan notablemente entre as persoas de maior idade e entre os que cursan o nivel de doutoramento, en tanto que descenden ao que dedican a vida persoal e aos estudos.

Gráfica Importancia da coresponsabilidade por xénero.



Cambiar o modelo

Seis de cada dez estudantes consideran que poderían participar máis nos traballos domésticos, unha proporción que é practicamente idéntica para mulleres e homes.

A maioría indica a falta de tempo como o principal impedimento para realizar os traballos domésticos, algo máis alta esta porcentaxe nas mulleres, 65,6%, que nos homes, 50,8%. Outros impedimentos teñen que ver coa pereza ou cansazo ou a non esixencia polas persoas que comparten o fogar, tendo esta razón máis presenza entre os homes que entre as mulleres, 34,7% e 24,7%, respectivamente.

Entre os de máis idade e os que teñen estudos de doutoramento hai un maior nivel de que a súa xeración é máis coresponsable que as anteriores,

Nove de cada dez estudantes consideran que é necesario que os homes se impliquen máis coa coresponsabilidade. Iso pensa o 95,3% das mulleres que indican que están moi ou bastante de acordo, porcentaxe que no homes redúcese ao 79,5%.



A modo de reflexión

A xeración do estudantado entrevistado manifesta o seu compromiso coa corresponsabilidade e valora positivamente a experiencia de convivencia na vivenda de residencia durante o curso académico.

A gran maioría do estudantado comparte vivenda con persoas da mesma xeración e resulta máis fácil o reparto das tarefas ao estar establecidas dinámicas de convivencia máis flexibles que no fogar ou residencia familiar.

Porén as mulleres sinalan maior dedicación que os homes na realización de actividades de limpeza e aos estudos e indican dispor de menos tempo para a vida persoal que os homes.

O fogar de crianza do estudantado caracterízase por un modelo no que ambos proxenitores, nai e pai, traballaban fóra. Un modelo que as mozas e mozos enquisados cuestionan ao entender que o reparto das responsabilidades domésticas non eran compartido e no que as mulleres, nais, desenvolvían a maior parte do traballo non produtivo.

Mozas e mozos mostran a súa inquietude por acadar unha maior implicación e participación nas tarefas domésticas e din que poderían facer máis. A falta de tempo ou a ausencia da referencia dunha persoa adulta que lles indique que facer son as excusas que poñen para non implicarse e participar de forma máis activa no fogar.

A ausencia de responsabilidades familiares, de coidado de menores e os poucos casos de convivencia en parella do estudantado, entre outros, non axudan a identificar dificultades de conciliación e de corresponsabilidade coa mesma intensidade que se manifesta na poboación adulta.

